

TRUEIRO

Avenida Pedro Barrié da Maza, 1
15003 A Coruña (A Coruña)
Teléfono: 981 20 50 00
Email: melia.maria.pita@melia.com
Web: www.melia.com



INFORMACIÓN XERAL

O Restaurante Trueiro, pertencente ao Hotel Meliá María Pita.

Tanto o restaurante coma a cafetería e os aseos sitúanse na planta baixa do edificio. O garaxe privado está situado na planta -1.

Os desprazamentos entre as distintas plantas son accesibles por medio dun ascensor alternativo ás escaleiras.

Atención ao público e outra información de interese

- Ofrecen menú para celíacos previo aviso.
- Ofrecen menú para diabéticos previo aviso.
- Ofrecen menú para vexetarianos previo aviso.
- Dispoñen de carta en braille.
- O persoal de atención ao público non coñece a Lingua de Signos Española (LSE).
- Permítese o acceso ao can de asistencia.
- Non existe un plan de emerxencia que contemple a evacuación das persoas con discapacidade.

Acceso e zona de atención ao público

- A beirarrúa pola que se accede ao establecemento está rebaixada. Ten un ancho libre de paso **>1,20 m**.
- A entrada principal do establecemento ten **5** chanzos de **15 cm** de altura e unha rampla como itinerario alternativo.
- A rampla é practicable, ten unha lonxitude de **4,20 m**, cunha inclinación do **13%**. O seu ancho libre de paso é de **2,80 m** e non dispón de pasamáns. O inicio e final da rampla non está sinalizado cunha franxa de textura distinta e cor contrastada que alerte do desnivel.
- A entrada ten dúas portas contiguas de características similares. Son parcialmente de vidro, de dobre folla e abren cara a fóra. O seu ancho libre de paso é de **1,76 m** con ambas as dúas follas abertas e a distancia entre elas é de **2,20 m**.
- Entre as portas contiguas hai un felpudo fixo ao chan, pero non igualado co chan, deixando un chanzo de **2 cm** de altura.
- Tamén existe unha entrada secundaria, situada ao lado da porta principal, con acceso reservado para persoas con mobilidade reducida.
- É unha porta devasas parcialmente de vidro, de dobre folla e abre cara a fóra. O ancho libre de paso é de **1,55 m**.

- A porta ten un timbre de chamada para solicitar a apertura, situado a unha altura de **1 m**. O interfono é de marcación única.
- O itinerario ata a zona de atención ao público é accesible sen desniveis.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Cafetaría

Situación e itinerario

A cafetaría está situada na planta baixa e o itinerario é accesible. Accédese a través dunha porta parcialmente de vidro, de dobre folla e cun ancho libre de paso de **1 m**. O pavimento é antiescorregadizo.

Características

Desniveis: non existen	Ancho mín. do espazo de circulación: >1,20 m
Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo	Chan enmoquetado: non
Barra de dobre altura: non	Altura da barra non adaptada: 1,08 m
Barra con bancos: si, móbiles	Altura máx. e mín. dos bancos da barra: 80 cm

Salón comedor

Situación e itinerario

O salón comedor está situado na planta baixa e o itinerario é accesible. Accédese dende a zona de cafetaría, a través dunha porta de dobre folla que abre cara a fóra, cun ancho libre de paso de **1,40 m**. O pavimento é antiescorregadizo.

Características

Desniveis: non existen	Ancho mín. do espazo de circulación: 1,20 m
Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo	Chan enmoquetado: non
Tipo de mesas: móbiles, redondas de catro patas e con travesa, e cadradas con pata central	Tipo de aproximación á mesa coa cadeira de rodas: frontal
Altura da mesa: 76 cm	Altura, fondo e ancho do espazo de aproximación frontal: 73 cm, > 80 cm, 89 cm

Aseo adaptado

- No establecemento hai **1** cabina de aseo para usuarios de cadeira de rodas, situada na planta baixa, ao carón dos ascensores. Está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA) e accédese por un itinerario accesible.
- A cabina adaptada corresponde ao aseo de homes.

Aseo adaptado da planta baixa, correspondente ao aseo de homes

Porta xeral dos aseos: abre cara a fóra, con ancho de paso de 77 cm	Tipo de pomo: manubrio, a 1 m de altura
Cabina de aseo adaptado	
Nº de cabinas adaptadas: 1	Está sinalizada co SIA: si
Porta: abre cara a fóra, con un ancho de 77 cm	Diámetro libre de xiro en interior: 1,67 m
Tipo de pomo: manubrio	Ferrollo ábrese dende o exterior: non
Tipo de iluminación: con interruptor	No interior hai un sistema de solicitude de

	axuda: non
Lavabo	
Situación: fóra da cabina	Tipo de billa: monomando
Altura libre baixo o lavabo: 76 cm	Fondo libre baixo o lavabo: 52 cm
Altura do bordo inferior do espello: 94 cm, non inclinado	Altura dos accesorios: 1,05 -1,20 m
Inodoro	
Espazo de acceso ao inodoro: dereito 63 cm, esquerdo 70 cm, frontal 1,50 m	Altura do asento: 40 cm
Tipo e altura de mecanismo de descarga: de presión en cisterna, a 78 cm	No lado dereito, tipo de barra e altura: abatible, a 58 - 74 cm

ACCESIBILIDADE VISUAL

Cafetaría

Situación e itinerarios

- A cafetaría está situada na planta baixa a continuación da porta de entrada. O itinerario dende a entrada ata a barra é accesible sen desniveis.
- O felpudo ancorado entre as dúas portas de entrada ao edificio, pode ocasionar tropezos xa que non está a rentes de chan.

Características

Portas de cor contrastada: non, parcialmente de vidro con bordos de cor contrastada	Portas de vidro con marcas de cor contrastada: non
Desniveis: non existen	Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo
Chan enmoquetado: non	Elementos beirís: non hai
Tipo de iluminación: homoxénea	Barra do bar con iluminación dirixida: si

Salón Comedor

Situación e itinerarios

- O salón comedor está situado na planta baixa a continuación da zona de cafetaría. O itinerario dende a entrada ata o salón é accesible sen desniveis.

Características

Porta de cor contrastada: si	Portas de vidro con marcas de cor contrastada: non
Desniveis: non existen	Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo
Chan enmoquetado: non	Elementos beirís: non hai
Tipo de iluminación: homoxénea	Mesas con iluminación dirixida: non

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Información e orientación

Rótulos de sinalización informativos e direccionais: si	Rótulos doadamente identificables coa vista: si
Sinais de evacuación: auditivas	

Salón comedor

Mesas redondas dispoñibles: si	Información escrita do menú do día: non
---------------------------------------	--

Aseos

Sistema de peche de portas cun sinal visual de ocupado ou libre: non	Portas de cabina cunha banda libre inferior que permite visualizar si hai alguén dentro: non
---	---

Outras estancias e servizos	Situación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Subterráneo en planta - 1	Practicable, xa que as portas que comunican a praza reservada cos ascensores teñen un ancho libre de paso de 74 cm	Tipo de pavimento: cemento, homoxéneo e antiescorregadizo Número de prazas de estacionamento reservadas para PMR: 1 Sinalizada con SIA: en vertical Ancho e fondo da praza: 1,95 m x 4,50 m Área de achegamento lateral de 1,20 m de ancho: Non Área de achegamento sinalizada no pavimento: Non
Escaleira do edificio	Comunica a beirarrúa coa entrada principal	Accesible con rampla alternativa	Tipo de escaleira: exterior Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non Altura dos chanzos: 15 cm Fondo de pegada: 35 cm Con tabica: Si Con bocel: Si Pegada de pavimento antiescorregadizo: Si Bordo de chanzos con franxa de sinalización: Non Zócolo de protección lateral: ambos lados Pasamáns en: ambos lados Tipo de pasamáns: sinxelo Altura de Pasamáns : 1,12 m Oco baixo escaleira protexido: non hai
Ascensor	Comunica o restaurante co garaxe subterráneo	Accesible	Altura dos botóns exteriores: 97 cm – 1,04 m Ancho da porta: 89 cm Ancho e fondo de cabina: 1,56 m x 1,39cm Altura da botoeira interior: 99 cm – 1,26 m Altura do pasamáns: non hai Espello fronte á porta: non hai Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non Cabina con sinais sonoras: Non Botóns con números en: altorrelevo e braille Botóns e cor contrastada: Si Cabina con sinais visuais: Si Botón de emerxencia con testemuña luminosa que confirme o rexistro da chamada: Non
Terraza	Planta baixa, interior	Accesible	Espazo axeitado para a circulación con cadeira de rodas: Non Altura de mesa: 74 cm Altura baixo mesa: 69 cm Ancho baixo mesa: > 80 cm Fondo baixo mesa: > 80 cm
Sinalización	Xeral do establecemento		Rótulos do mesmo formato: Si Altura dos rótulos: 2– 2,10 m Tamaño de letra: 4 cm Textos e iconas de cor contrastada: Si Textos e iconas en: nin e braille nin en altorrelevo

			Iconas homologadas: Si
--	--	--	-------------------------------